

MPN/plc

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE COOPERACIÓN LOCAL, TRANSFRONTEIRIZA E DE COORDINACIÓN DAS EMERXENCIAS PROVINCIAIS DO DÍA 19/07/2024

ASISTENTES

PRESIDENTA: D.^a María Pilar Ramallo Vázquez

VOGAIS: D. Roberto José Álvarez Carrero
D.^a Luisa María Sánchez Méndez
D. Rafael Domínguez Artime
D. Jorge Cubela López
D. Jesús Vázquez Almuíña
D.^a Belén Cachafeiro Anta
D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso
D.^a María Nava Castro Domínguez
D.^a Nuria Rodríguez Rodríguez en substitución de Ana Laura Iglesias González
D. Carlos Gómez Prado
D.^a Digna Rosa Rivas Gómez
D. Paco Ferreira González
D. Gregorio Luis Agís Gómez
D. Javier Iglesias Mougán
D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo
D.^a Beatríz Lomba Rodríguez

Sendo as doce horas e quince minutos do día dezanove de xullo do ano dous mil vinte e catro, reúnen no Pazo Provincial os Sres./as. Deputados/as arriba relacionados, en sesión ordinaria, e baixo a Presidencia de D.^a María Ramallo Vázquez. Actúa como secretaria a xefa do Servizo de Cooperación, D.^a Marina Piñeiro Novo.

Aberta a sesión pola presidenta, pásase ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, sobre os que recaeron os seguintes ditames:

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Apróbese a acta da sesión anterior correspondente á sesión ordinaria celebrada o vinte e un de xuño do ano dous mil vinte e catro por unanimidade.



2. DAR CONTA DA APROBACIÓN DA “ADDENDA Nº2 PARA ADECUAR O FINANCIAMENTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DE REHABILITACIÓN INTERIOR E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DO PAZO DO CONCELLO DE PONTEVEDRA” (EXPTE. 2021059527)

De conformidade co establecido nos artigos 123 e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta do seguinte informe sobre o convenio de colaboración tramitado polo Servizo de Cooperación:

“ASUNTO: INFORME SOBRE A ADDENDA Nº2 PARA ADECUAR O FINANCIAMENTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DE REHABILITACIÓN INTERIOR E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DO PAZO DO CONCELLO DE PONTEVEDRA

Dáse conta á Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais do informe sobre a aprobación da addenda tramitada desde o Servizo de Cooperación e que se relaciona a continuación.

ADDENDA		
DENOMINACIÓN	APROBACIÓN	EXPEDIENTE
ADDENDA Nº2 PARA ADECUAR O FINANCIAMENTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DE REHABILITACIÓN INTERIOR E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DO PAZO DO CONCELLO DE PONTEVEDRA	Acordo Xunta de Goberno 19/07/2024	2021059527

O convenio referido ten por obxecto establecer e concretar o réxime de colaboración entre ambas administracións locais para o financiamento de a “REHABILITACIÓN INTERIOR E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DO PAZO DO CONCELLO DE PONTEVEDRA”, co obxectivo de solucionar o problema da accesibilidade dende os accesos e entre os diferentes niveis do edificio e a posta en valor dun inmovible de titularidade municipal, mellorando o patrimonio cultural e a calidade do entorno protexido e ofrecendo unha maior calidade de servizo ao conxunto da cidadanía , ao modernizar as instalacións municipais existentes.

As actuacións ás que se refire o presente convenio teñen un orzamento, con IVE, de UN MILLÓN SETECENTOS OITENTA MIL CENTO CINCUENTA E SETE EUROS CON CINCUENTA E DOUS CÉNTIMOS (1.780.157,52€). A Deputación de Pontevedra financiará o 100% do incremento de coste (418.779,83€), con respecto ao inicialmente previsto no convenio (1.361.377,69€) e, con respecto do total da actuación financiará un 92,35% sobre un orzamento de 1.780.157,52€, contra as seguintes aplicacións orzamentarias: 2024/942.9420.762.14.2021, 2024/942.9420.762.14.2022 e 2024/942.9420.762.14, respecto da cal consta crédito dispoñible suficiente para realizar unha retención de crédito.



En concreto, as achegas da Deputación proveñen de diferentes anualidades e polas seguintes cantidades:

2021	2022	2024	TOTAL
970.000,00€	255.239,92€	418.779,83€	1.644.019,75€

O **Concello de Pontevedra** financiará os restantes **136.137,77€**.

En data 15/12/2023, por acordo de Xunta de Goberno núm. 6.33276 aprobouse unha addenda para prorrogar a vixencia do devandito convenio, ampliándose o prazo de execución e finalización do investimento ata o día 31/10/2024, e o prazo para a súa xustificación ata o día 31/12/2024.

En data 20/06/2024, á vista dos antecedentes e da evolución administrativa do expediente conducente á execución do obxecto do convenio de referencia, reúnen os membros da Comisión de Seguimento, e acórdase por unanimidade realizar unha reformulación das obrigas económicas vinculadas ao convenio, en base as peculiaridades derivadas da execución real do investimento, e que implicaron a necesidade de tramitar un proxecto modificado do proxecto de obras de rehabilitación interior e mellora da accesibilidade do Pazo do Concello de Pontevedra.

Unha vez revisado polo servizo de Cooperación a solicitude e demais documentación, remítese o expediente á Intervención Provincial para a súa fiscalización.

No informe da Intervención provincial de 15/07/2024 (CSV:D9RLWAWJ9NEG1K11), sobre o expediente de aprobación da Addenda nº 2 ao convenio, dispónse que debe ser sometida ao ditame da correspondente Comisión informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais.

En data 19/07/2024 reúnese a Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, pero dada a hora na que se reúne a Comisión Informativa e a hora na que se celebra a Xunta de Goberno resulta imposible someter ao ditame da Comisión Informativa a aprobación da addenda con anterioridade.

A urxencia, para terse aprobado o texto da addenda pola Xunta de Goberno con anterioridade ao sometemento ao ditame da dita Comisión, reside na necesidade de proceder o máis axiña posible á sinatura da mesma ao ser imprescindible para que o Concello poida continuar cos trámites internos previos e necesarios á execución da obra antes de finalizar o mes de xullo e, en consecuencia, poida dar continuidade a execución da mesma na maior brevidade posible, xa que dita sinatura suporá un compromiso firme da achega económica para poder xerar o gasto necesario para acometer a mesma e, así mesmo, evitar na medida do posible que o Concello execute fóra de prazo por falta de tempo xa que, ao finalizar o 31/10/2024, e abarcar un período



estival, a execución en prazo pode verse máis comprometida, co consecuente inicio do procedemento de perda de dereito ao cobro. Por todo elo, se dá conta da aprobación da addenda nº 2 á citada Comisión Informativa con posterioridade á súa aprobación.

Exposta a urxencia debidamente motivada dáse conta á Comisión Informativa na súa primeira sesión dende a aprobación da devandita addenda.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

A xefa do Servizo de Cooperación

Marina Piñeiro Novo”

A Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais queda enterada da aprobación da “Addenda nº2 para adecuar o financiamento do convenio de colaboración entre o concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo as obras de rehabilitación interior e mellora da accesibilidade do Pazo do Concello de Pontevedra”.

3. DITAMINAR A APROBACIÓN DO “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DE RENOVACIÓN DA ILUMINACIÓN EXTERIOR NA PARROQUIA DE LÉREZ” (EXPTE. 2024043743)

De conformidade co establecido nos artigos 123 a 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais a seguinte proposta de acordo con carácter previo á súa elevación ante o órgano competente para a súa aprobación:

“ASUNTO: APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DE RENOVACIÓN DA ILUMINACIÓN EXTERIOR NA PARROQUIA DE LÉREZ

ANTECEDENTES:

- No exercicio das súas atribucións, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Pontevedra teñen o obxectivo compartido da renovación da iluminación exterior na parroquia de Lérez, para mellorar a calidade do servizo en materia de eficiencia enerxética e redución das emisións de CO2 no municipio. Esta actuación prevé un reforzo da iluminación en pasos de peóns e nos espazos e vías peonís do Concello, mellorando a seguridade peonil do municipio, coa finalidade de crear un espazo público máis seguro e cunha mobilidade máis amable.*
- Para dar cumprimento ó obxectivo referido no parágrafo anterior, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Pontevedra desexan establecer as pautas de colaboración para levar a cabo as “OBRAS DE RENOVACIÓN DA ILUMINACIÓN EXTERIOR NA PARROQUIA DE*



LÉREZ” e así, en data 12/04/2024 e núm de rexistro WEB2024024537, o Concello de Pontevedra presenta pola sede electrónica unha solicitude e demais documentación necesaria para a formalización do devandito convenio, remitindo escrito de rectificación en relación cos prazos de execución e xustificación a considerar na tramitación do convenio en data 28/06/2024 mediante rexistro WEB2024043100. Asemade, segundo o proxecto de execución do referido investimento a estimación económica para a súa execución será de 1.396.662,33 €, IVE engadido, que segundo o previsto na proposta de convenio será financiado integramente pola Deputación, coa achega de 1.396.662,33 € no exercicio 2024.

- Revisada polo Servizo de Cooperación, a documentación achegada cumpre os requisitos esixidos pola normativa aplicable para a sinatura do convenio. Na documentación do expediente, no xestor de CIVIDAS, consta a providencia de inicio de expediente de 01/07/2024 (CSV:U58452MGKA6EVD2Z); o informe da xefa do Servizo de Cooperación de 10/07/2024 (CSV:PE07KIH6X6M805DV) e o informe de Intervención de fiscalización favorable do expediente de 16/07/2024 (CSV:07OAI FARZZ9J2G1A) manifestando a existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación 2024/942.9420.762.14 do orzamento provincial. Non obstante, no caso de que o Concello non xustifique o gasto realizado en prazo ou execute o investimento subvencionado mais alo do prazo de execución establecido, iniciarase o procedemento de perda de dereito ao cobro, non podendo utilizarse o crédito sobrante para conceder outra subvención ao Concello.
- En data 19/07/2024 sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Cooperación Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais levar a cabo as “OBRAS DE RENOVACIÓN DA ILUMINACIÓN EXTERIOR NA PARROQUIA DE LÉREZ”.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Lexislación aplicable

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas (LPACAP)
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral)



Consideracións Xurídicas:

Competencia:

- *Artigo 25.2 d) e b) e 26.1 a) da Lei 7/1985, de 02 de abril, reguladora das bases do réxime local (en diante LBRL) atribúese ás Administracións municipais competencia en materia de infraestruturas e equipamentos de titularidade municipal e medio ambiente urbano, en concreto, protección contra a contaminación lumínica nas zonas urbanas. En concordancia co anterior, a LALGA ó regular as competencias propias dos concellos, establece no seu artigo 80 que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso como competencias propias e esenciais, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, en materia de infraestruturas e equipamentos de titularidade municipal, así como nas de medio ambiente urbano, en particular, na de protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.*
- *Artigo 31 da LRBRLL, que encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica ós concellos. A estes efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ó conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal mediante calquera fórmula de asistencia e cooperación municipal, para o que poderá outorgar subvencións ou axudas con cargo ós seus recursos propios para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.*

Petición e evacuación de informes:

- *Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.*
- *Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.*
- *Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.*
- *Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.*
- *Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para o vixente exercicio, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.*
- *Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.*

Procedencia do convenio

- *Artigo 47 e seguintes da LRXSP, que dispón que o convenios de colaboración constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a cooperación en cuestións de interese común.*



- *Artigo 57 da LRBRL que dispón que a cooperación en servizos locais desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante convenios administrativos, en conexión co artigo 195.h) da LALGA.*
- *Artigo 198 da LALGA, que establece que as entidades locais poderán celebrar convenios de cooperación entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia. No seu apartado 2º dispónse que a través dos convenios de cooperación as partes poderán coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector e distribuír as subvencións outorgadas por unha delas. No apartado 3º sinalase que, en especial, as Deputacións Provinciais poderán subscribir, cos municipios da provincia, convenios para garantir o acceso da poboación ó conxunto dos servizos municipais.*
- *Artigos 199 da LALGA, que en consonancia co artigo 49 da LRXSP sinala as especificacións que deberán conter os instrumentos de formalización dos convenios.*
- *Artigo 6 da LCSP, que exclúe do seu ámbito de aplicación os convenios de colaboración que celebre a Administración Xeral do Estado coas entidades xestoras e servizos locais, organismos autónomos e restantes entidades públicas, ou os que subscriban estes organismos e entidades entre si, salvo que, pola súa natureza, teñan a consideración de contratos suxeitos a dita lei.*
- *Artigo 2 da LXS, polo que a achega económica da Deputación de Pontevedra ten o carácter dunha subvención. O artigo 22.2 da LXS sinala que se poderán conceder de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das Entidades Locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións. Neste senso, a Deputación, para o desenvolvemento das actuacións que se describen no convenio, ten consignado expresamente no estado de gastos do orzamento provincial do exercicio 2024, dotación orzamentaria na aplicación 2024/942.9420.762.14 e designado como beneficiario ó concello.*
- *Artigo 28.1 da LXS que establece que a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei.*

CONCLUSIÓNS

En base ás precedentes consideracións e ó interese público que representa esta actuación para a cidade de Pontevedra, da veciñanza e resto de potenciais visitantes da cidade, o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra conveñen a súa colaboración neste ámbito co obxecto de desenvolver un réxime de colaboración entre ambas administracións locais para levar a cabo a execución das obras de renovación da iluminación exterior na parroquia de Lárez.

Neste senso os convenios de colaboración constitúen o instrumento idóneo para canalizar esta colaboración.

O Concello de Pontevedra presentou a documentación necesaria para formalizar este convenio e quedan acreditadas no expediente as razóns de oportunidade, a valoración económica das actuacións a desenvolver e o propio obxecto do convenio.



Por todo o exposto e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, INFORMO FAVORABLEMENTE a tramitación do “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DE RENOVACIÓN DA ILUMINACIÓN EXTERIOR NA PARROQUIA DE LÉREZ”.

RÉXIME COMPETENCIAL:

De conformidade co disposto no artigo 10.4 da LXS, que sinala que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle ós órganos que teñan atribuídas tales funcións na lexislación de réxime local, en virtude do establecido nos artigos 34 e 35 da LRBRL e na base 16^a.2 de Execución do Orzamento provincial, compételle á Xunta de Goberno a autorización e disposición do gasto, e aprobación do convenio.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá.

Á vista do anterior, elévase á Xunta de Goberno a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

- *APROBAR o “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DE RENOVACIÓN DA ILUMINACIÓN EXTERIOR NA PARROQUIA DE LÉREZ”.*

O texto do convenio figura co CSV: WN3Z52UCBRBLO5L5.

No caso de que o Concello non xustifique o gasto realizado en prazo ou execute o investimento subvencionado mais alo do prazo de execución establecido, iniciárase o procedemento de perda de dereito ao cobro, non podendo utilizarse o crédito sobrante para conceder outra subvención ao Concello.

- *FACULTAR ao presidente para formalizar o citado convenio mediante a súa sinatura.*
- *DAR TRASLADO do presente acordo ao Concello de Pontevedra, á Intervención, ao Servizo de Cooperación, ao Gabinete da Presidencia e ao Gabinete de Prensa”*

Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, ditamina favorablemente por unanimidade.



4. DITAMINAR A APROBACIÓN DA “ADDENDA Nº 2 PARA A ADECUACIÓN FINANCEIRA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DUN PLAN DE MELLORA DA MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE NA CIDADE DE VIGO 2021/2023, RECUPERACIÓN DO SISTEMA DUNAR NA PRAIA DE SAMIL E MELLORA DA CUBRICIÓN DO PATIO NO COLEXIO CEIP JAVIER SENSAT” (EXPTE. 2021044958)

De conformidade co establecido nos artigos 123 a 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais a seguinte proposta de acordo con carácter previo á súa elevación ante o órgano competente para a súa aprobación:

“ASUNTO: APROBACIÓN DA ADDENDA Nº 2 PARA A ADECUACIÓN FINANCEIRA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DUN PLAN DE MELLORA DA MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE NA CIDADE DE VIGO 2021/2023, RECUPERACIÓN DO SISTEMA DUNAR NA PRAIA DE SAMIL E MELLORA DA CUBRICIÓN DO PATIO NO COLEXIO CEIP JAVIER SENSAT

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. En data 25/10/2021 asinouse un convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo o “PLAN DE MELLORA DA MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE NA CIDADE DE VIGO 2021/2023, RECUPERACIÓN DO SISTEMA DUNAR NA PRAIA DE SAMIL E A MELLORA DA CUBRICIÓN DO PATIO NO COLEXIO CEIP JAVIER SENSAT” para o financiamento das distintas actuacións que se recollen na seguinte táboa:

INVESTIMENTOS	ORZAMENTO
1. HUMANIZACIÓN MARTÍNEZ GARRIDO FASE 4	1.265.055,00 €
2. VIGO VERTICAL – JR JIMÉNEZ FASE ROMIL E HISPANIDADE	1.343.697,48 €
3. VIGO VERTICAL – TRAVESÍA DE VIGO – ARAGÓN	930.252,10 €
4. VIGO VERTICAL – J. BENAVENTE -TORRECEDEIRA. FASE MARQUÉS DE VALTERRA TORRECEDEIRA	1.240.336,13 €
5. RECUPERACIÓN DO SISTEMA DUNAR NA PRAIA SAMIL T.M. VIGO. FASE I: ENTRE PUNTA SAMIL E CAMALEÓN	4.556.728,11 €
6. HUMANIZACIÓN SAN ROQUE. FASE GREGORIO ESPINO - RÚA RUISEÑOR	1.447.058,82 €
7. HUMANIZACIÓN AVDA CASTELAO. FASE ROTONDA BARCO E DARÍO DURÁN	1.550.420,17 €
8. PLAN DE MELLORA DE FIRMES EN VIAS MUNICIPAIS	3.100.000,00 €
9. CUBRICIÓN DO PATIO DO CEIP JAVIER SENSAT	361.656,90 €
TOTAL	15.795.204,71 €



A Deputación Provincial de Pontevedra comprometéase a achegar a contía de 10.783.752,48€, con cargo á aplicación orzamentaria 942.9420.762.14 das anualidades 2021, 2022 e 2023, e o Concello de Vigo obrigábase a achegar ate un máximo de 5.011.452,23€ con cargo ás anualidades 2021, 2022 e 2023 do seu orzamento.

Os investimentos deberían executarse e finalizarse na data límite do 31/12/2023, fixándose un prazo de xustificación ata o 30/04/2024.

SEGUNDO. En data 28/06/2023, ao aumentar o orzamento das actuacións do convenio ata a cantidade de 15.799.507,74€, ambas administracións asinan unha addenda ao convenio para a adecuación financeira do novo orzamento, de conformidade coa seguinte táboa:

	Orzamento inicial	Variación	Novo orzamento
1. HUMANIZACIÓN MARTÍNEZ GARRIDO FASE 4	1.265.055,00 €		1.265.055,00 €
2. VIGO VERTICAL – JR JIMÉNEZ FASE ROMIL E HISPANIDADE	1.343.697,48 €	930.252,10 €	2.273.949,58 €
3. VIGO VERTICAL – TRAVESÍA DE VIGO – ARAGÓN	930.252,10 €	- 930.252,10 €	0,00 €
4. VIGO VERTICAL – J. BENAVENTE - TORRECEDEIRA. FASE MARQUÉS DE VALTERRA TORRECEDEIRA	1.240.336,13 €		1.240.336,13 €
5. RECUPERACIÓN DO SISTEMA DUNAR NA PRAIA SAMIL T.M. VIGO. FASE I: ENTRE PUNTA SAMIL E CAMALEÓN	4.556.728,11 €	- 2.200.000,00 €	2.356.728,11 €
6. HUMANIZACIÓN SAN ROQUE. FASE GREGORIO ESPINO - RÚA RUISEÑOR	1.447.058,82 €		1.447.058,82 €
7. HUMANIZACIÓN AVDA CASTELAO. FASE ROTONDA BARCO E DARÍO DURÁN	1.550.420,17 €		1.550.420,17 €
8. PLAN DE MELLORA DE FIRMES EN VÍAS MUNICIPAIS	3.100.000,00 €	2.200.000,00 €	5.300.000,00 €
9. CUBRICIÓN DO PATIO DO CEIP JAVIER SENSAT	361.656,90 €	4.303,03 €	365.959,93 €
TOTAL	15.795.204,71 €	4.303,03 €	15.799.507,74 €

O Concello de Vigo asume o incremento do orzamento (4.303,03€) aumentando o seu compromiso de financiamento ata o importe de 5.015.755,26€, distribuído nas anualidades 2021, 2022, 2023 e 2024.

Así mesmo, nesta addenda prorrógase o prazo de vixencia do convenio ata o 31/12/2024.

TERCEIRO. O pacto décimo do convenio prevé a constitución dunha Comisión de Seguimento e Control que terá por obxecto o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación.



Á vista do anterior, esta Comisión reúne os días 12/04/2024, 11/06/2024 e 09/07/2024 co fin de buscar unha solución para que non se perda todo o financiamento do convenio pois hai tres obras non iniciadas e que non poderán xustificarse nos prazos previstos polo que se acorda minorar do convenio actual os orzamentos das tres actuacións para dispoñer de financiamento e facer tres novos convenios independentes para as seguintes actuacións:

- "VIGO VERTICAL – J. BENAVENTE -TORRECEDEIRA. FASE MARQUÉS DE VALTERRA TORRECEDEIRA"
- "HUMANIZACIÓN SAN ROQUE. FASE GREGORIO ESPINO - RÚA RUISEÑOR"
- "VIGO VERTICAL – IMPLANTACIÓN DE RAMPLAS MECÁNICAS: RÚAS ÁLVARO CUNQUEIRO / TARRAGONA" en substitución da actuación inicial "VIGO VERTICAL – JR JIMÉNEZ FASE ROMIL E HISPANIDADE".

CUARTO. O día 15/07/2024 o Concello de Vigo presenta na sede electrónica da Deputación (núm. rexistro 2024011553) un informe sobre o ámbito de execución das actuacións co obxecto de adecuar as propostas dos novos convenios no marco económico do actual convenio.

Posteriormente, o día 16/07/2024 o Concello presenta na sede electrónica da Deputación (núm. rexistro 2024011591) un escrito de conformidade a unha proposta realizada pola Deputación para contar con máis financiamento para as tres actuacións citadas anteriormente, polo que agora debe minorarse do actual convenio a cantidade de 6.245.866,88€ ata o importe de 9.553.640,86€ ao descontarse os orzamentos de tres actuacións non realizadas, así como o importe das baixas doutras actuacións do convenio, segundo a seguinte táboa:

	CONCELLO DE VIGO	DEPUTACIÓN	
2. VIGO VERTICAL – JR JIMÉNEZ FASE ROMIL E HISPANIDADE	730.252,10 €	1.543.697,48 €	2.273.949,58 €
4. VIGO VERTICAL – J. BENAVENTE - TORRECEDEIRA. FASE MARQUÉS DE VALTERRA TORRECEDEIRA	420.336,13 €	820.000,00 €	1.240.336,13 €
6. HUMANIZACIÓN SAN ROQUE. FASE GREGORIO ESPINO - RÚA RUISEÑOR	447.058,82 €	1.000.000,00 €	1.447.058,82 €
BAIXAS DOUTRAS ACTUACIÓNS DO CONVENIO	400.686,27 €	883.836,08 €	1.284.522,35 €
TOTAL	1.998.333,32 €	4.247.533,56 €	6.245.866,88 €

As actuacións obxecto de futuros convenios son as seguintes:

	CONCELLO DE VIGO	DEPUTACIÓN	
VIGO VERTICAL – IMPLANTACIÓN DE RAMPLAS MECÁNICAS: RÚAS ÁLVARO CUNQUEIRO / TARRAGONA	907.495,82 €	1.918.713,53 €	2.826.209,35 €
VIGO VERTICAL – J. BENAVENTE - TORRECEDEIRA. FASE MARQUÉS DE VALTERRA TORRECEDEIRA	389.232,42 €	759.325,29 €	1.148.557,71 €



HUMANIZACIÓN SAN ROQUE. FASE GREGORIO ESPINO - RÚA RUISEÑOR	701.605,08 €	1.569.494,74 €	2.271.099,82 €
TOTAL	1.998.333,32 €	4.247.533,56 €	6.245.866,88 €

QUINTO. O número de actuacións obxecto do convenio, conforme á addenda de data 28/06/2023, agora redúcese a cinco e o seu cadro de financiamento modifícase de acordo coa seguinte táboa ao terse en conta a previsión de execución dos investimentos na data 31/12/2024:

	CONCELLO DE VIGO	DEPUTACIÓN	
1. HUMANIZACIÓN MARTÍNEZ GARRIDO FASE 4	467.373,31 €	607.647,90 €	1.075.021,21 €
5. RECUPERACIÓN DO SISTEMA DUNAR NA PRAIA SAMIL T.M. VIGO. FASE I: ENTRE PUNTA SAMIL E CAMALEÓN	623.733,89 €	1.154.333,38 €	1.778.067,27 €
7. HUMANIZACIÓN AVDA CASTELAO. FASE ROTONDA BARCO E DARÍO DURÁN	374.634,37 €	786.114,79 €	1.160.749,16 €
8. PLAN DE MELLORA DE FIRMES EN VÍAS MUNICIPAIS	1.472.080,68 €	3.747.459,48 €	5.219.540,16 €
9. CUBRICIÓN DO PATIO DO CEIP JAVIER SENSAT	79.599,69 €	240.663,37 €	320.263,06 €
TOTAL	3.017.421,94 €	6.536.218,92 €	9.553.640,86 €

SEXTO. O interese xeral e a conveniencia de asinarse a segunda addenda reflíctese ante a imposibilidade de realización en prazo de distintas actuacións e posibilitar así a futura realización de novos investimentos e, así mesmo, a súa sinatura non supoñe ningún desequilibrio orzamentario, polo que dita proposta de addenda non altera os principios de sustentabilidade financeira, en base ao artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, que foron determinados na tramitación do convenio.

SÉTIMO. Na data 16/07/2024 a xefa do Servizo de Cooperación informa a proposta de segunda addenda e a Intervención provincial emite dilixencia de fiscalizado e conforme de dita proposta. Non obstante, no caso de que o Concello non xustifique o gasto realizado en prazo ou execute os investimentos subvencionados mais alo do prazo de execución establecido, iniciárase o procedemento de perda de dereito ao cobro, non podendo utilizarse o crédito sobrance para conceder outra subvención ao Concello.

OITAVO. En data 19/07/2024 sométese a segunda addenda ao citado convenio ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das administracións



públicas (LPACAP)

- *Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP)*
- *Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP)*
- *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)*
- *Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)*
- *Bases de execución do orzamento da Deputación para o exercicio vixente*
- *Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral)*
- *Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo o “PLAN DE MELLORA DA MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE NA CIDADE DE VIGO 2021/2023, RECUPERACIÓN DO SISTEMA DUNAR NA PRAIA DE SAMIL E A MELLORA DA CUBRICIÓN DO PATIO NO COLEXIO CEIP JAVIER SENSAT” e a súa correspondente addenda*

Consideracións xurídicas

Competencia

- *Artigo 25.2.d) da LRBRL, en concordancia co artigo 80.2.d) da LALGA que atribúe ás administracións municipais a competencia en materia de infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade, así como da ordenación, xestión, execución e disciplina urbanística; a promoción e xestión de vivendas; os parques e xardíns; a pavimentación de vías públicas urbanas e a conservación de camiños e vías rurais.*
- *Artigo 31 da LRBRL, que encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica ós concellos. A estes efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ó conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal mediante calquera fórmula de asistencia e cooperación municipal, para o que poderá outorgar subvencións ou axudas con cargo ós seus recursos propios para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.*

Petición e evacuación de informes

- *Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.*
- *Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.*
- *Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.*
- *Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.*
- *Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da*



xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.

- *Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.*

Procedencia da addenda

- *Artigo 48.5. da LRXSP, que dispón que os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia del convenio. En consonancia con anterior o artigo 49.d) dispón entre o contido mínimo dos convenios, as obrigas e compromisos económicos asumidos por cada parte e a súa distribución temporal por anualidades.*
- *Artigo 49.f) da LRXSP que recolle como contido mínimo dos convenios os mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos. A estes efectos, o pacto décimo do convenio prevé unha Comisión de Seguimento, na que se deu conta do estado de execución do convenio e propón a aprobación dunha addenda para adecuar os compromisos financeiros e a ampliación do prazo de vixencia.*
- *Artigo 49.h.2º) da LRXSP, que establece como regra ó respecto da vixencia dos convenios, que en calquera momento antes da finalización do prazo de vixencia do convenio, os asinantes poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de hasta catro anos adicionais.*

Competencia para resolver

- *De conformidade co disposto no artigo 10.4 da LXS, que sinala que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñan atribuídas tales funcións na lexislación de réxime local, en virtude do establecido no artigo 33 da LRBRL e na base 16ª.3.b) das Bases de Execución do Orzamento provincial, compéttelle ao Pleno a autorización e disposición do gasto.*

CONCLUSIÓNS

En base ás precedentes consideracións e ao interese público que representa esta actuación para a cidade de Vigo, da veciñanza e resto de potenciais visitantes da cidade, visto que o convenio se atopa vixente e que a addenda solicitada non excede dos límites establecidos pola lexislación vixente, visto que as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros, informo favorablemente a sinatura da ADDENDA Nº 2 ao CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DUN PLAN DE MELLORA DA MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE NA CIDADE DE VIGO 2021/2023, RECUPERACIÓN DO SISTEMA DUNAR NA PRAIA DE SAMIL E MELLORA DA CUBRICIÓN DO PATIO NO COLEXIO CEIP JAVIER SENSAT, para unha nova adecuación financeira dos investimentos.

Á vista do exposto e dos informes da xefa do Servizo de Cooperación, da Intervención Provincial e do ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, elévase ao Pleno a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

- *APROBAR a ADDENDA Nº 2 PARA A ADECUACIÓN FINANCEIRA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE*



PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DUN PLAN DE MELLORA DA MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE NA CIDADE DE VIGO 2021/2023, RECUPERACIÓN DO SISTEMA DUNAR NA PRAIA DE SAMIL E MELLORA DA CUBRICIÓN DO PATIO NO COLEXIO CEIP JAVIER SENSAT.

O texto da addenda figura co CSV: CYUVLST2R2SF0SWP.

Toda vez que non consta a aprobación do texto da segunda addenda polo Concello de Vigo, a súa sinatura condiciónase á aprobación desta polo órgano competente municipal.

Así mesmo, no caso de que o Concello non xustifique o gasto realizado en prazo ou execute o investimento subvencionado mais alo do prazo de execución establecido, iniciárase o procedemento de perda de dereito ao cobro, non podendo utilizarse o crédito sobrance para conceder outra subvención ao Concello.

- FACULTAR ao presidente para formalizar a devandita addenda mediante a súa sinatura.*
- DAR TRASLADO do presente acordo ao Concello de Vigo, á Intervención, ao Servizo de Cooperación, ao Gabinete da Presidencia e ao Gabinete de Prensa.”*

Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, ditamina favorablemente por unanimidade.

5. ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por finalizada a reunión, sendo as doce horas e vinte minutos, do que, como secretaria, dou fe.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

A secretaria da Comisión,

Marina Piñeiro Novo

